

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2024/5	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	16 de febreiro de 2024
<b>Duración</b>	Dende as 13:01 ata as 13:35 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Paula M <sup>a</sup> Fernández Pena
<b>Secretario acctal.</b>	David García Lareo

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 09.02.2024</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 09 de febreiro de 2024.	

**Expediente 269/2024. Solicitud de Prestación de Servizos Sociais. Axuda de Emerxencia Social****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 09 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e cuxo menor precisa dunhas lentes graduadas por motivos de saúde

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago dunhas lentes graduadas.

**Segundo.-** Aprobar o pago delegado a OPTICALIA (Ramón Otero Silva factura número 2011933 por importe de 89 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

**Terceiro.-** Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto.-** Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 292/2024. Solicitud de Prestación de Servizos Sociais. Axuda de Emerxencia Social****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 15 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de exclusión social, incluída no Programa Xantar na Casa e que por motivos de vulnerabilidade económica non pode sufragar os custes derivados do copago dos xantares.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do copagamento dos xantares do mes de Xaneiro de 2024 de Dona E.F.

**Segundo.-** Aprobar o pago delegado a COESCO DEZA da factura número A24/01963 e por un

importe de 61,60 €, con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

**Terceiro.**- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto.**- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

### **Expediente 293/2024. Solicitud de Prestación de Servizos Sociais. Axuda de Emerxencia Social**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 15 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación exclusión social, incluída no Programa Xantar na Casa e que por motivos de vulnerabilidade económica non pode sufragar os custes derivados do copago dos xantares.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

**Primeiro.**- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do copagamento dos xantares do mes de Xaneiro de 2024 de Don J.V.A.

**Segundo.**- Aprobar o pago delegado a COESCO DEZA da factura número A24/01964 e por un importe de 61,60 €, con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

**Terceiro.**- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto.**- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

### **Expediente 287/2024. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. bases de selección de persoal. Plan +Provincia para a activación do Emprego 2024**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a resolución de concesión de subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do Emprego 2024 correspondente á Liña 3.

Visto que o obxecto da antedita axuda é a contratación laboral temporal en réxime de xornada completa, cunha xornada de 37,5h/semanais durante 9 meses, de:

- 7 peóns de obras públicas
- 1 condutor/a camión
- 2 tractoristas

Examinadas as Bases para a selección do antedito persoal, redactadas polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, en data 15 de febreiro de 2024

Logo de ver o informe emitido pola Secretaría da Corporación con data de 15 de febreiro de 2024

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

**PRIMEIRO:** Aprobar as seguintes bases de selección de persoal que figuran no Anexo:

- BASES PARA A SELECCIÓN DE 7 PERSOAS DESEMPREGADAS, (PEÓNS DE OBRAS), PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2024 correspondente á Liña 3, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA

- BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 PERSOA DESEMPREGADA, (CONDUTOR/A CAMIÓN), PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do Emprego 2024 correspondente á Liña 3 POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA

- BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS DESEMPREGADAS, (TRACTORISTAS), PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2024 correspondente á Liña 3, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA

**SEGUNDO:** Convocar o presente proceso de selección e solicitar oferta de persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, as persoas seleccionadas deberán presentarse no Concello nos 3 días hábiles seguintes a citación do antedito Servizo.

**TERCEIRO:** Aprobar o gasto por importe de 164.739,30€ Subvención concedida pola Deputación de Pontevedra, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

**CUARTO:** Publicar as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Silleda para a súa axeitada difusión, así como dar conta ao pleno na seguinte sesión que se celebre.

#### ANEXO I

**BASES PARA A SELECCIÓN DE 7 PERSOAS DESEMPREGADAS, (PEÓNS DE OBRAS), PARA**

**A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2024 correspondente á Liña 3, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-**

É obxecto destas bases regular o procedemento para selección de persoas desempregadas para a súa contratación en Réxime Laboral, conforme ás Bases publicadas no BOPPO nº2 de 3 de xaneiro do 2024, sobre “PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024 “ (liña 3: Activación do Emprego 2024)

O número de traballadores/as a contratar será o que se indica a continuación:

- Un equipo de obras e servizos composto por:  
7 peóns de obras públicas,  
TOTAL: 7 traballadores/as

A presente convocatoria publicarase íntegra na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos deste Concello, e un extracto da mesma nun diario de máxima difusión.

**SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-**

Para ser admitidos/as nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutro Estados, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto Básico del Empregado Público.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante certificado médico. No caso de que se teña condición de discapacitado e a súa compatibilidade, acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación

equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. De ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

e) Titulación: Para as prazas de peóns, non será esixible o requisito de titulación.

f) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo.

O mesmo tempo e antes do inicio da actividade obxecto desta convocatoria, estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes (Lei 53/84 de 26 de decembro e concordantes).

### TERCEIRA.- INSTANCIAS, ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PUBLICIDADE E DATA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.

De acordo ao estipulado nas Bases publicadas no BOPPO nº2 de 3 de xaneiro o de 2024, sobre “PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024 “ (líña 3: Activación do Emprego 2024), a convocatoria será realizada a partir da Presentación da correspondente OFERTA entre as persoas desempregadas, inscritas na Oficina do Servizo Público de Emprego de Lalín.

As persoas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego deberán presentar, o Anexo I, no Rexistro do Concello de Silleda en horario de atención ao público, na súa sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal>, ou por calquera das restantes formas que determina a Lei 39/2015, dirixiranse ao Sr. Alcalde Presidente, solicitando a súa admisión á mesma, con manifestación expresa de que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos e aceptan en todos os seus termos as presentes Bases.

En caso de non presentar a solicitude no Rexistro de Entrada de Documentos do CONCELLO DE SILLEDA ou a través da súa sede electrónica, deberá anunciarse a presentación por calquera outro medio no mesmo día en que se verifique, mediante remisión ao correo electrónico [recursoshumanos@silleda.es](mailto:recursoshumanos@silleda.es) da copia da instancia presentada.

As solicitudes deberán axustarse ao modelo oficial que será facilitado polo Concello. (Achégase como Anexo I modelo de instancia).

A presentación de instancias deberá efectuarse durante un prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES, a contar desde o seguinte á citación do SEPE.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, farase pública na sede electrónica

<http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos deste Concello a lista provisional aprobada de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para presentar reclamacións ou emendar deficiencias. Emendadas ou non as deficiencias das solicitudes, e, examinadas no seu caso as reclamacións presentadas en prazo, resolverase definitivamente pola Alcaldía, e farase pública a relación definitiva de admitidos e excluídos.

A convocatoria do proceso selectivo, a admisión e exclusión de aspirantes, a composición do Órgano de Selección e os sucesivos anuncios do Órgano de Selección que desenvolvan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección, publicaranse na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos.

Unha vez nomeada a composición do Tribunal, e si non se presenta recusación contra calquera dos seus membros, nese caso habería de resolverse de xeito expreso de conformidade co previsto na lei 39/2015, procederase a publicar nos medios establecidos o lugar, data e hora da realización das probas selectivas.

#### CUARTA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo estipulado para a presentación de instancias previsto, e acompañando a esta (Anexo I), as persoas aspirantes deberán presentar copia dos seguintes documentos:

- a) Citación do SEPE
- b) Fotocopia do DNI
- c) Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- d) Xustificantes que consideren oportunos relativos á fase de concurso de méritos

#### QUINTA.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

O órgano de selección estará constituído da seguinte forma:

Titulares:

Presidente: Interventor do Concello, Leopoldo Moure Dopico

Tres vogais:

1 Mario Rozas Carballude

2 Francisco Javier Gómez Rey

3 Luís Míguez Pena

Secretario David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda

Todos os membros do órgano de selección teñen voz e voto. Todos eles deberán cumprir cos perfís de imparcialidade, profesionalidade e especialidade inspiradores do Estatuto Básico do Empregado Público, e deberán absterse nos casos previstos na lei 39/2015. Así mesmo poderán ser recusados nos supostos regulados na mesma Lei.

O Órgano de Selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría dos seus

membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano colexiado, levantándose acta de todas aquelas reunións que manteña.

O Tribunal poderá solicitar ser asistido por especialistas no desenvolvemento de determinadas probas, sen que en ningún caso teñan facultades de cualificación e resolución, senón só de colaboración e proposta. O seu nomeamento deberá facerse público

#### SEXTA. - SISTEMA DE SELECCIÓN E PROCESO SELECTIVO

Farase a través do sistema de concurso de méritos, porque é o máis adecuado para seleccionar ao profesional máis cualificado para o desempeño dos postos, en tanto á experiencia en postos de similar contido.

En caso de empate, terán preferencia por esta orde os seguintes grupos:

- Persoas en desemprego de longa duración
- Mulleres con baixa cualificación
- Persoas candidatas maiores de 45 anos
- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego
- Vítimas de violencia de xénero
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo
- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa

Unha vez valoradas as probas e as circunstancias persoais, no caso de empate, proporanse aos candidatos/as para cada posto de traballo en función das puntuacións obtidas. O resultado comunicarásele persoalmente as persoas seleccionadas e o resto poderá consultar as listaxes coas puntuacións no taboleiro de anuncios do Concello.

O Tribunal valorará en primeiro lugar a entrevista curricular e unha vez valorada esta procederase á valoración do resto dos méritos presentados polos aspirantes.

A nota final do antedito CONCURSO, 10 puntos, obteranse sumando as notas obtidas nos apartados de: entrevista, situación laboral e titulacións.

-ENTREVISTA: Máximo 3 puntos

A entrevista puntuarase, a criterio ponderado do órgano de selección, ata un máximo de 3 puntos.

Consistirá na contestación a preguntas formuladas polos membros do órgano de selección, valorándose principalmente a aptitude e actitude, habilidades, valores, coñecementos relacionados



co postos de traballo a cubrir.

A data, lugar e hora de celebración da entrevista publicarase na Resolución pola que se aprobe a lista definitiva das persoas candidatas admitidas e excluídas, cunha antelación mínima de tres días hábiles.

A orde de actuación iniciarase alfabeticamente pola primeira persoa aspirante da letra «H», segundo RESOLUCIÓN de 31 de xaneiro de 2024 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A non presentación dun candidato ou candidata á entrevista, unha vez finalizado o chamamento, determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos para participar no exercicio, quedando excluído do procedemento selectivo

Identificación das persoas candidatas.- O Tribunal identificaraaas ao comezo da entrevista, a cuxos efectos deberán asistir provistos do documento de identificación correspondente.

-SITUACIÓN LABORAL: Máximo 3 ptos

\* Por estar en situación de desemprego, sen prestacións sociais 0,10 por cada mes completo (máximo de 2,60 puntos).

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia nesta situación.

\* Por estar inscrito/a na Bolsa de Emprego do Concello, (0,40 puntos).

-TITULACIÓNS: Máximo 4 puntos

Por estar en posesión de cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración local, Universidades, Colexios Oficiais ou Escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 3 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- a) De máis de 120 horas duración: 0,90 puntos
- b) De entre 100 e 120 horas de duración: 0,70 puntos por curso.
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,50 puntos por curso.
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Os anteditos cursos acreditarase, obrigatoriamente, mediante fotocopia destes.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

#### SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Rematada a cualificación dos/as aspirantes, o Tribunal publicará na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos, a relación dos mesmos por orde da puntuación obtida, así como o nome e apelidos, xunto co DNI da persoa seleccionada para a provisión do posto, elevando proposta á Alcaldía- Presidencia quen ditará a correspondente Resolución.

Contra a baremación do tribunal, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos da baremación definitiva da fase de concurso.

#### OITAVA.- SINATURA DE CONTRATO-

A persoas seleccionadas para os postos polo Tribunal, presentarán no Rexistro do Concello, dentro do prazo que se estableza, os documentos acreditativos das condicións para tomar parte na convocatoria:

- a)Copia compulsada do DNI.
- b)Orixinal ou copias cotexadas das titulacións presentadas como méritos
- c)Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ao posto que se optou.
- d)Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da capacidade para o desempeño das tarefas correspondentes.

Se as persoas seleccionados/as para os postos non presentasen a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeado/a para o posto,

quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude.

Nestes supostos ou no caso de renuncia por parte do/a candidato/as proposto/a que obtivera a máxima puntuación, poderá nomearse aos seguintes por orde de puntuación entre os candidatos/as. Así mesmo os/as aspirantes non seleccionados poderán entrar nunha bolsa de traballo –pola orde da súa puntuación- para posibles substitucións e ata a alta da persoa substituída.

Unha vez comprobado que o/a aspirante proposto/a presentou a documentación esixida, o Sra. Alcaldesa-Presidenta, resolverá o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ao previsto na vixente lexislación.

Incorporarase ao seu posto de traballo no prazo de dous días logo da formalización do contrato laboral.

Quen resulte nomeado/a para ocupar o posto quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

#### NOVENA.- PUBLICIDADE

As presentes Bases publicaranse, integramente no Taboleiro de Edictos deste Concello, na súa sede electrónica e na páxina web do mesmo . Os posteriores anuncios que desenvolvan este proceso selectivo publicaranse no Taboleiro de Edictos, situado na planta baixa do edificio da Casa Consistorial e na páxina web deste Concello e sede electrónica.

#### DÉCIMO.- INCIDENCIAS

O Órgano de Selección queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases e sempre que non se opoñan ás mesmas.

No caso de que durante a celebración das probas selectivas obsérvese polo Tribunal que algunha das persoas aspirantes non reúne un ou máis requisitos esixidos na convocatoria, poderá propoñer ao Sr. Alcalde Presidente a súa exclusión das probas, previa audiencia ao interesado.

#### DÉCIMO PRIMEIRA- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O tratamento dos datos persoais levarase a cabo segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### DÉCIMO SEGUNDA .- CONSENTIMENTO E TRATAMENTO DE DATOS

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento

(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP), relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPDP, informámoslle que os datos recabados que Vd. nos facilita e achega nesta solicitude, serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda.

E polo que, os datos persoais dos participantes ou solicitantes de ofertas de emprego deste Concello, serán tratados para o proceso selectivo no que vostede solicita participar, e o tratamento farase tendo en conta as seguintes indicacións:

12.1.- Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Silleda.

12.2.- Finalidade do tratamento dos seus datos persoais: Ao facilitar e aportar os datos como candidato e interesado en formar parte do proceso selectivo, vostede dá o consentimento para dita información que facilita sexa recompilada, utilizada, xestionada e tratada para este fin por este Responsable de Tratamento, só como se describe nas bases de este concurso e con esta única finalidade, indicámoslle que os seus datos serán suprimidos unha vez que xa remate os termos e fin da modalidade contractual ou que as obrigacións legais así o establezan, os seus datos así como aquela documentación achegada por vostede o longo do tempo do tratamento formarán parte dun "Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda" ca finalidade única de xestión e selección de persoal que se leva a cabo mediante o sistema de concurso, é no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes, de conformidade co exposto nas presentes bases é a selección e posterior contratación do posto ofertado.

12.3.- Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos é o consentimento que vostede concede ou o do seu representado ca cumplimentación da solicitude como solicitante de formar parte do proceso selectivo, e tamén o abeiro das propias que se empregan para contratos de traballo das entidades locais.

12.4.- Os seus dereitos: Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Tamén, si desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos ou exercer os seus dereitos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar así como exercer os seus dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy>. 1, tamén poderá solicitar estes enviando escrito o Rexistro Xeral do Concello en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos poderá presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos pode solicitalos ante este Responsable de Tratamento en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, ou tamén dirixíndose por vía mail a: [info@silleda.gal](mailto:info@silleda.gal) ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

12.5.-Segredo e seguridade dos datos: Este responsable, comprométese no tratamento e uso dos datos persoais das persoas interesadas, a facelo gardando a súa confidencialidade e de acordo coa súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e implementar as medidas de seguridade para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente en protección de datos. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos é políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o propio RXPd e LOPDGDD.

12.6.- Cesión de datos: Non están previstas cesións máis alá das indicadas nas bases de este proceso selectivo.

### DÉCIMO TERCEIRA RECURSOS

As presentes Bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web do Concello de Silleda, segundo dispoñen os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpoñer no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo.

Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo directamente, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria nos medios expresados no anterior parágrafo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra, de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Silleda, na data da sinatura electrónica.

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA. (PEÓN OBRA PÚBLICA)

D/D<sup>a</sup>..... co D.N.I. núm. ...., e con enderezo a efectos de notificacións en ..... do Concello de..... código postal.....provincia de ..... teléfono núm. ...., correo-e:.....coñecedor/a da convocatoria para cubrir prazas

EXPÓN: Que tendo coñecemento da convocatoria pública efectuada polo Concello de Silleda, desexa participar na selección para a realización da obra ou servizo denominado PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024, con cargo ao Concello de Silleda e ao Plan de Emprego (activación do emprego 2024 – Liña 3) da Deputación de Pontevedra.

Declarando que son certos os datos consignados na mesma, que coñece o contido das bases reguladoras da convocatoria e que na data da presentación da solicitude reúne todas as condicións e requisitos esixidos nas bases.

Xunto coa presente solicitude, acompaño:

- Citación do SEPE
- Copia do D.N.I. ou documento equivalente
- Documento acreditativo do tempo de permanencia en desemprego
- Copia dos documentos acreditativos, relativos á fase de concurso de méritos: situación laboral, titulacións, cursos.

SOLICITO:

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación que se xunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado ao efecto da provisión do posto.

Silleda, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)

**BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 PERSOA DESEMPREGADA, (CONDUTOR/A CAMIÓN), PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2024 correspondente á Liña 3**

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

É obxecto destas bases regular o procedemento para selección de persoas desempregadas para a súa contratación en Réxime Laboral, conforme ás Bases publicadas no BOPPO nº2 de 3 de xaneiro do 2024, sobre "PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024 " (liña 3: Activación do emprego 2024.)

O número de traballadores/as a contratar será o que se indica a continuación:

- Un equipo de obras e servizos composto por:  
1 Conductor/a de camión  
TOTAL: 1 traballador/a

A presente convocatoria publicarase íntegra na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos deste Concello, e un extracto da

mesma nun diario de máxima difusión.

#### SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Para ser admitidos/as nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutro Estados, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto Básico del Empleado Público .

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das función que lle son propias. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante certificado médico. No caso de que se teña condición de discapacitado e a súa compatibilidade, acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. De ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

e) Titulación: Contar con permiso de condución para camión C1+E

f) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo.

O mesmo tempo e antes do inicio da actividade obxecto desta convocatoria, estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes (Lei 53/84 de 26 de decembro e concordantes).

#### TERCEIRA.- INSTANCIAS, ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PUBLICIDADE E DATA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

De acordo ao estipulado nas Bases publicadas no BOPPO nº2 de 3 de xaneiro o de 2024, sobre “PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024 “ (liña 3: Activación do emprego 2024.), a convocatoria será realizada a partir da Presentación da correspondente OFERTA entre as persoas desempregadas, inscritas na Oficina do Servizo Público de Emprego de Lalín.

As persoas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego deberán presentar, o Anexo I, no Rexistro do Concello de Silleda en horario de atención ao público, na súa sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, ou por calquera das restantes formas que determina a Lei 39/2015, dirixiranse ao Sra. Alcaldesa Presidenta, solicitando a súa admisión á mesma, con manifestación expresa de que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos e aceptan en todos os seus termos as presentes Bases.

En caso de non presentar a solicitude no Rexistro de Entrada de Documentos do CONCELLO DE SILLEDA ou a través da súa sede electrónica, deberá anunciarse a presentación por calquera outro medio no mesmo día en que se verifique, mediante remisión ao correo electrónico [recursoshumanos@silleda.es](mailto:recursoshumanos@silleda.es) da copia da instancia presentada.

As solicitudes deberán axustarse ao modelo oficial que será facilitado polo Concello. (Achégase como Anexo I modelo de instancia).

A presentación de instancias deberá efectuarse durante un prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES, a contar desde o seguinte á citación do SEPE

Finalizado o prazo de presentación de instancias, farase pública na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos deste Concello a lista provisional aprobada de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para presentar reclamacións ou emendar deficiencias. Emendadas ou non as deficiencias das solicitudes, e, examinadas no seu caso as reclamacións presentadas en prazo, resolverase definitivamente pola Alcaldía, e farase pública a relación definitiva de admitidos e excluídos.

A convocatoria do proceso selectivo, a admisión e exclusión de aspirantes, a composición do Órgano de Selección e os sucesivos anuncios do Órgano de Selección que desenvolvan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección, publicaranse na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos.

#### CUARTA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo estipulado para a presentación de instancias previsto, e acompañando a esta (Anexo I), as persoas aspirantes deberán presentar copia dos seguintes documentos:

- a) Citación do SEPE
- b) Fotocopia do DNI
- c) Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.



d) Xustificantes que consideren oportunos relativos á fase de concurso de méritos

#### QUINTA.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

O órgano de selección estará constituído da seguinte forma:

Titulares:

Presidente: Interventor do Concello, Leopoldo Moure Dopico

Tres vogais:

1 José Luís García Montoto

2 Miguel Ángel Couto García

3 Francisco Javier Gómez Rey

Secretario David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda

Todos os membros do órgano de selección teñen voz e voto. Todos eles deberán cumprir cos perfís de imparcialidade, profesionalidade e especialidade inspiradores do Estatuto Básico do Empregado Público, e deberán absterse nos casos previstos na lei 39/2015. Así mesmo poderán ser recusados nos supostos regulados na mesma Lei.

O Órgano de Selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano colexiado, levantándose acta de todas aquelas reunións que manteña.

O Tribunal poderá solicitar ser asistido por especialistas no desenvolvemento de determinadas probas, sen que en ningún caso teñan facultades de cualificación e resolución, senón só de colaboración e proposta. O seu nomeamento deberá facerse público.

#### SEXTA. - SISTEMA DE SELECCIÓN E PROCESO SELECTIVO

Farase a través do sistema de concurso-oposición, porque é o máis adecuado para seleccionar ao profesional máis cualificado para o desempeño dos postos, en tanto á experiencia en postos de similarcontido.

En caso de empate, terán preferencia por esta orde os seguintes grupos:

- Persoas en desemprego de longa duración
- Mulleres con baixa cualificación
- Persoas candidatas maiores de 45 anos
- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego
- Vítimas de violencia de xénero
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas

ou fillos ao seu cargo

- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa

Unha vez valoradas as probas e as circunstancias persoais, no caso de empate, proporanse aos candidatos/as para cada posto de traballo en función das puntuacións obtidas. O resultado comunicaráselle persoalmente as persoas seleccionadas e o resto poderá consultar as listaxes coas puntuacións no taboleiro de anuncios do Concello.

#### FASE DE OPOSICIÓN.-

Constará dun (1) exercicio práctico, de carácter obrigatorio e eliminatorio. O tempo máximo para a realización desta proba será de corenta e cinco (45) minutos.

A proba cualificarase como apto/a ou non apto/a

A proba práctica realizárase en primeiro lugar e unha vez valorada esta procederáse á valoración dos méritos presentados polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición.

#### -PROBA PRÁCTICA

Consistirá na realización de probas para constatar a habilidade do condutor/a no manexo do vehículo coa realización dunhas manobras concretas coma: Marcha atrás en recta e curva, estacionamento en liña e saída, estacionamento seguro para cargar ou descargar en rampla ou plataforma de carga e calquera outra manobra que considere o tribunal.

Tamén, a persoa aspirante realizará un proba de circulación na que se avaliará o seu comportamento cos sinais, vías rápidas, semáforos e outros elementos de circulación en carretera.

A data, lugar e hora de celebración da proba práctica publicarase na Resolución pola que se aprobe a lista definitiva das persoas candidatas admitidas e excluídas, cunha antelación mínima de tres días hábiles.

A non presentación dun candidato ou candidata á proba, unha vez finalizado o chamamento, determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos para participar no exercicio, quedando excluído do procedemento selectivo

A orde de actuación iniciarase alfabeticamente pola primeira persoa aspirante da letra «H», segundo RESOLUCIÓN de 31 de xaneiro de 2024 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### FASE DE CONCURSO.- Máximo 10 puntos

A puntuación do concurso, máximo 10 puntos, obteranse sumando as notas obtidas nos apartados de: entrevista, situación laboral e titulacións.

- Entrevista Curricular. Valorarase ata un máximo de 3 puntos

Nesta fase o Tribunal valorará, a través de preguntas formuladas polos membros do órgano de selección, da maneira máis operativa e obxectiva posible, entre outros, os seguintes aspectos: aptitudes, actitudes, habilidades, valores, coñecementos relacionados co posto de traballo a cubrir.

-SITUACIÓN LABORAL: Máximo 3 ptos

1.- Colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. Máximo 2,4 puntos:

- Persoas en desemprego de longa duración, 0,30 puntos
- Mulleres con baixa cualificación, 0,30 puntos
- Persoas candidatas maiores de 45 anos, 0,30 puntos
- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación, 0,30 puntos
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego, 0,30 puntos
- Vítimas de violencia de xénero, 0,30 puntos
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo, 0,30 puntos
- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa, 0,30 puntos

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia nesta situación.

- Por estar inscrito/a na Bolsa de Emprego do Concello, (0,60 puntos).

-TITULACIÓNS: Máximo 4 puntos

Por estar en posesión de cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración local, Universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 3 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- a) De máis de 120 horas duración: 0,90 puntos
- b) De entre 100 e 120 horas de duración: 0,70 puntos por curso.
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,50 puntos por curso.
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Os anteditos cursos acreditarase, obrigatoriamente, mediante fotocopia destes.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

#### SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Rematada a cualificación dos/as aspirantes, o Tribunal publicará na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos, a relación dos mesmos por orde da puntuación obtida, así como o nome e apelidos, xunto co DNI da persoa seleccionada para a provisión do posto, elevando proposta á Alcaldía- Presidencia quen ditará a correspondente Resolución.

Contra a baremación do tribunal, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos da baremación definitiva da fase de concurso.

#### OITAVA.- SINATURA DE CONTRATO-

A persoas seleccionadas para os postos polo Tribunal, presentarán no Rexistro do Concello, dentro do prazo que se estableza, os documentos acreditativos das condicións para tomar parte na convocatoria:

- a)Copia compulsada do DNI.
- b)Orixinal ou copias cotexadas das titulacións presentadas como méritos
- c)Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ao posto que se optou.
- d)Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da capacidade para o desempeño das tarefas correspondentes.

Se as persoas seleccionados/as para os postos non presentasen a citada documentación dentro do

prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeado/a para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude.

Nestes supostos ou no caso de renuncia por parte do/a candidato/as proposto/a que obtivera a máxima puntuación, poderá nomearse aos seguintes por orde de puntuación entre os candidatos/as. Así mesmo os/as aspirantes non seleccionados poderán entrar nunha bolsa de traballo –pola orde da súa puntuación- para posibles substitucións e ata a alta da persoa substituída.

Unha vez comprobado que o/a aspirante proposto/a presentou a documentación esixida, o Sr. Alcalde-Presidente, resolverá o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ao previsto na vixente lexislación.

Incorporarase ao seu posto de traballo no prazo de dous días logo da formalización do contrato laboral.

Quen resulte nomeado/a para ocupar o posto quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

#### NOVENA.- PUBLICIDADE

As presentes Bases publicaranse, integramente no Taboleiro de Edictos deste Concello, na súa sede electrónica e na páxina web do mesmo . Os posteriores anuncios que desenvolvan este proceso selectivo publicaranse no Taboleiro de Edictos, situado na planta baixa do edificio da Casa Consistorial e na páxina web deste Concello e sede electrónica.

#### DÉCIMO.- INCIDENCIAS

O Órgano de Selección queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases e sempre que non se opoñan ás mesmas.

No caso de que durante a celebración das probas selectivas obsérvese polo Tribunal que algunha das persoas aspirantes non reúne un ou máis requisitos esixidos na convocatoria, poderá propoñer ao Sr. Alcalde Presidente a súa exclusión das probas, previa audiencia ao interesado.

#### DÉCIMO PRIMEIRA- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O tratamento dos datos persoais levarase a cabo segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### DÉCIMO SEGUNDA .- CONSENTIMENTO E TRATAMENTO DE DATOS

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento

(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP), relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPDP, informámoslle que os datos recabados que Vd. nos facilita e achega nesta solicitude, serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda.

E polo que, os datos persoais dos participantes ou solicitantes de ofertas de emprego deste Concello, serán tratados para o proceso selectivo no que vostede solicita participar, e o tratamento farase tendo en conta as seguintes indicacións:

12.1.- Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Silleda.

12.2.- Finalidade do tratamento dos seus datos persoais: Ao facilitar e aportar os datos como candidato e interesado en formar parte do proceso selectivo, vostede dá o consentimento para dita información que facilita sexa recompilada, utilizada, xestionada e tratada para este fin por este Responsable de Tratamento, só como se describe nas bases de este concurso e con esta única finalidade, indicámoslle que os seus datos serán suprimidos unha vez que xa remate os termos e fin da modalidade contractual ou que as obrigacións legais así o establezan, os seus datos así como aquela documentación achegada por vostede o longo do tempo do tratamento formarán parte dun "Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda" ca finalidade única de xestión e selección de persoal que se leva a cabo mediante o sistema de concurso, é no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes, de conformidade co exposto nas presentes bases é a selección e posterior contratación do posto ofertado.

12.3.- Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos é o consentimento que vostede concede ou o do seu representado ca cumplimentación da solicitude como solicitante de formar parte do proceso selectivo, e tamén o abeiro das propias que se empregan para contratos de traballo das entidades locais.

12.4.- Os seus dereitos: Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Tamén, si desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos ou exercer os seus dereitos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar así como exercer os seus dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy>. 1, tamén poderá solicitar estes enviando escrito o Rexistro Xeral do Concello en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos poderá presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos pode solicitalos ante este Responsable de Tratamento en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, ou tamén dirixíndose por vía mail a: [info@silleda.gal](mailto:info@silleda.gal) ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

12.5.-Segredo e seguridade dos datos: Este responsable, comprométese no tratamento e uso dos datos persoais das persoas interesadas, a facelo gardando a súa confidencialidade e de acordo coa súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e implementar as medidas de seguridade para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente en protección de datos. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos é políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o propio RXPd e LOPDGDD.

12.6.- Cesión de datos: Non están previstas cesións máis alá das indicadas nas bases de este proceso selectivo.

### DÉCIMO TERCEIRA RECURSOS

As presentes Bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web do Concello de Silleda, segundo dispoñen os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpoñer no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo.

Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo directamente, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria nos medios expresados no anterior parágrafo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra, de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Silleda, na data da sinatura electrónica

**ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN NO CONCELLO DE SILLED A. (CONDUTOR/A DE CAMIÓN)**

D/D<sup>a</sup>..... co D.N.I. núm ....., e con enderezo a efectos de notificacións en ..... do Concello de..... código postal.....provincia de ..... teléfono núm ....., coñecedor/a da convocatoria para cubrir prazas

EXPÓN: Que tendo coñecemento da convocatoria pública efectuada polo Concello de Silleda, desexa participar na selección para a realización da obra ou servizo denominado PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024, con cargo ao Concello de Silleda e ao Plan de Emprego (activación do emprego 2024 – Liña 3) da Deputación de Pontevedra.

Declarando que son certos os datos consignados na mesma, que coñece o contido das bases reguladoras da convocatoria e que na data da presentación da solicitude reúne todas as condicións e requisitos esixidos nas bases.

Xunto coa presente solicitude, acompaño:

- Citación do SEPE
- Copia do D.N.I. ou documento equivalente
- Copia do carné de condutor/a de camión C1+E
- Documento acreditativo do tempo de permanencia en desemprego
- Copia dos documentos acreditativos, relativos á fase de concurso de méritos: situación laboral, titulacións.

SOLICITO:

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación que se xunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado ao efecto da provisión do posto.

Silleda, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)

**BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS DESEMPREGADAS, (TRACTORISTAS), PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2024 correspondente á Liña 3, POLO SISTEMA DE CONCURSO NO CONCELLO DE SILLEDA**

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

É obxecto destas bases regular o procedemento para selección de persoas desempregadas para a súa contratación en Réxime Laboral, conforme ás Bases publicadas no BOPPO nº2 de 3 de xaneiro do 2024, sobre "PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024 " (liña 3: Activación do emprego 2024.)

O número de traballadores/as a contratar será o que se indica a continuación:

- Un equipo de obras e servizos composto por:  
2 Tractoristas  
TOTAL: 2 traballadores/as



A presente convocatoria publicarase íntegra na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos deste Concello, e un extracto da mesma nun diario de máxima difusión.

#### SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Para ser admitidos/as nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutro Estados, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto Básico del Empleado Público .

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das función que lle son propias. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante certificado médico. No caso de que se teña condición de discapacitado e a súa compatibilidade, acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. De ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

e) Titulación: Contar con permiso de condución clase B

e) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo.

O mesmo tempo e antes do inicio da actividade obxecto desta convocatoria, estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes (Lei 53/84 de 26 de decembro e concordantes).

#### TERCEIRA.- INSTANCIAS, ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PUBLICIDADE E DATA DE REALIZACIÓN

## DAS PROBAS SELECTIVAS

De acordo ao estipulado nas Bases publicadas no BOPPO nº2 de 3 de xaneiro o de 2024, sobre “PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024 “ (líña 3: Activación do emprego 2024.), a convocatoria será realizada a partir da Presentación da correspondente OFERTA entre as persoas desempregadas, inscritas na Oficina do Servizo Público de Emprego de Lalín.

As persoas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego deberán presentar, o Anexo I, no Rexistro do Concello de Silleda en horario de atención ao público, na súa sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, ou por calquera das restantes formas que determina a Lei 39/2015, dirixiranse ao Sra. Alcaldesa Presidenta, solicitando a súa admisión á mesma, con manifestación expresa de que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos e aceptan en todos os seus termos as presentes Bases.

En caso de non presentar a solicitude no Rexistro de Entrada de Documentos do CONCELLO DE SILLEDA ou a través da súa sede electrónica, deberá anunciarse a presentación por calquera outro medio no mesmo día en que se verifique, mediante remisión ao correo electrónico [recursoshumanos@silleda.es](mailto:recursoshumanos@silleda.es) da copia da instancia presentada.

As solicitudes deberán axustarse ao modelo oficial que será facilitado polo Concello. (Achégase como Anexo I modelo de instancia).

A presentación de instancias deberá efectuarse durante un prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES, a contar desde o seguinte á citación do SEPE

Finalizado o prazo de presentación de instancias, farase pública na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos deste Concello a lista provisional aprobada de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para presentar reclamacións ou emendar deficiencias. Emendadas ou non as deficiencias das solicitudes, e, examinadas no seu caso as reclamacións presentadas en prazo, resolverase definitivamente pola Alcaldía, e farase pública a relación definitiva de admitidos e excluídos.

A convocatoria do proceso selectivo, a admisión e exclusión de aspirantes, a composición do Órgano de Selección e os sucesivos anuncios do Órgano de Selección que desenvolvan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección, publicaranse na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos.

## CUARTA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo estipulado para a presentación de instancias previsto, e acompañando a esta (Anexo I), as persoas aspirantes deberán presentar copia dos seguintes documentos:

a) Citación do SEPE

- b) Fotocopia do DNI
- c) Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- d) Xustificantes que consideren oportunos relativos á fase de concurso de méritos

#### QUINTA.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

O órgano de selección estará constituído da seguinte forma:

Titulares:

Presidente: Interventor do Concello, Leopoldo Moure Dopico

Tres vogais:

1 José Luís García Montoto

2 Miguel Ángel Couto García

3 Francisco Javier Gómez Rey

Secretario David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda

Todos os membros do órgano de selección teñen voz e voto. Todos eles deberán cumprir cos perfís de imparcialidade, profesionalidade e especialidade inspiradores do Estatuto Básico do Empregado Público, e deberán absterse nos casos previstos na lei 39/2015. Así mesmo poderán ser recusados nos supostos regulados na mesma Lei.

O Órgano de Selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano colexiado, levantándose acta de todas aquelas reunións que manteña.

O Tribunal poderá solicitar ser asistido por especialistas no desenvolvemento de determinadas probas, sen que en ningún caso teñan facultades de cualificación e resolución, senón só de colaboración e posta. O seu nomeamento deberá facerse público.

#### SEXTA. - SISTEMA DE SELECCIÓN E PROCESO SELECTIVO

Farase a través do sistema de concurso-oposición, porque é o máis adecuado para seleccionar ao profesional máis cualificado para o desempeño dos postos, en tanto á experiencia en postos de similar contido.

En caso de empate, terán preferencia por esta orde os seguintes grupos:

- Persoas en desemprego de longa duración
- Mulleres con baixa cualificación
- Persoas candidatas maiores de 45 anos
- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego

- Vítimas de violencia de xénero
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo
- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa

Unha vez valoradas as probas e as circunstancias persoais, no caso de empate, proporanse aos candidatos/as para cada posto de traballo en función das puntuacións obtidas. O resultado comunicaráselle persoalmente as persoas seleccionadas e o resto poderá consultar as listaxes coas puntuacións no taboleiro de anuncios do Concello.

#### -FASE DE OPOSICIÓN.-

Constará dun (1) exercicio práctico, de carácter obrigatorio e eliminatorio. O tempo máximo para a realización desta proba será de corenta e cinco (45) minutos.

A proba cualificarase como apto/a ou non apto/a

#### PROBA PRÁCTICA

Consistirá na realización de probas, a criterio do tribunal, para constatar a habilidade do condutor/a e determinar si a persoa aspirante conta coas destrezas, capacidades e habilidades suficientes para desenvolver o traballo realizado por estes vehículos no Concello de Silleda.

A proba práctica realizárase en primeiro lugar e unha vez valorada esta procederáse á valoración dos méritos presentados polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición.

A non presentación dun candidato ou candidata á proba práctica, unha vez finalizado o chamamento, determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos para participar no exercicio, quedando excluído do procedemento selectivo

Identificación das persoas candidatas, O Tribunal identificaráas ao comezo da proba, a cuxos efectos deberán asistir provistas do documento de identificación correspondente.

A orde de actuación iniciarase alfabeticamente pola primeira persoa aspirante da letra «H», segundo RESOLUCIÓN de 31 de xaneiro de 2024 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### FASE DE CONCURSO.- Máximo 10 puntos

A puntuación do concurso, máximo 10 puntos, obteranse sumando as notas obtidas nos apartados de: entrevista, situación laboral e titulacións.

- ENTREVISTA CURRICULAR. Valorárase ata un máximo de 3 puntos

Nesta fase o Tribunal valorará, a través de preguntas formuladas polos membros do órgano de selección, da maneira máis operativa e obxectiva posible, entre outros, os seguintes aspectos: aptitudes, actitudes, habilidades, valores, coñecementos relacionados co posto de traballo a cubrir.

-SITUACIÓN LABORAL: Máximo 3 ptos

1.- Colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. Máximo 2,4 puntos:

- Persoas en desemprego de longa duración, 0,30 puntos
- Mulleres con baixa cualificación, 0,30 puntos
- Persoas candidatas maiores de 45 anos, 0,30 puntos
- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación, 0,30 puntos
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego, 0,30 puntos
- Vítimas de violencia de xénero, 0,30 puntos
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo, 0,30 puntos
- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa, 0,30 puntos

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia nesta situación.

- Por estar inscrito/a na Bolsa de Emprego do Concello, (0,60 puntos).

-TITULACIÓNS: Máximo 4 puntos

Por estar en posesión de cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración local, Universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 3 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- a) De máis de 120 horas duración: 0,90 puntos
- b) De entre 100 e 120 horas de duración: 0,70 puntos por curso.
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,50 puntos por curso.
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Os anteditos cursos acreditarase, obrigatoriamente, mediante fotocopia destes.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso

en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

#### SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Rematada a cualificación dos/as aspirantes, o Tribunal publicará na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos, a relación dos mesmos por orde da puntuación obtida, así como o nome e apelidos, xunto co DNI da persoa seleccionada para a provisión do posto, elevando proposta á Alcaldía- Presidencia quen ditará a correspondente Resolución.

Contra a baremación do tribunal, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos da baremación definitiva da fase de concurso.

#### OITAVA.- SINATURA DE CONTRATO-

A persoas seleccionadas para os postos polo Tribunal, presentarán no Rexistro do Concello, dentro do prazo que se estableza, os documentos acreditativos das condicións para tomar parte na convocatoria:

- a) Copia compulsada do DNI.
- b) Orixinal ou copias cotexadas das titulacións presentadas como méritos
- c) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ao posto que se optou.
- d) Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da capacidade para o desempeño das tarefas correspondentes.

Se as persoas seleccionados/as para os postos non presentasen a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeado/a para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude.

Nestes supostos ou no caso de renuncia por parte do/a candidato/as proposto/a que obtivera a máxima puntuación, poderá nomearse aos seguintes por orde de puntuación entre os candidatos/as. Así mesmo os/as aspirantes non seleccionados poderán entrar nunha bolsa de traballo –pola orde da súa puntuación- para posibles substitucións e ata a alta da persoa substituída.

Unha vez comprobado que o/a aspirante proposto/a presentou a documentación esixida, o Sr. Alcalde-Presidente, resolverá o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ao previsto na vixente lexislación.

Incorporarase ao seu posto de traballo no prazo de dous días logo da formalización do contrato laboral.

Quen resulte nomeado/a para ocupar o posto quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

#### NOVENA.- PUBLICIDADE

As presentes Bases publicaranse, integramente no Taboleiro de Edictos deste Concello, na súa sede electrónica e na páxina web do mesmo . Os posteriores anuncios que desenvolvan este proceso selectivo publicaranse no Taboleiro de Edictos, situado na planta baixa do edificio da Casa Consistorial e na páxina web deste Concello e sede electrónica.

#### DÉCIMO.- INCIDENCIAS

O Órgano de Selección queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases e sempre que non se opoñan ás mesmas.

No caso de que durante a celebración das probas selectivas obsérvese polo Tribunal que algunha das persoas aspirantes non reúne un ou máis requisitos esixidos na convocatoria, poderá propoñer ao Sr. Alcalde Presidente a súa exclusión das probas, previa audiencia ao interesado.

#### DÉCIMO PRIMEIRA- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O tratamento dos datos persoais levarase a cabo segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### DÉCIMO SEGUNDA .- CONSENTIMENTO E TRATAMENTO DE DATOS

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd), relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os datos recabados que Vd. nos facilita e achega nesta solicitude,

serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda.

E polo que, os datos persoais dos participantes ou solicitantes de ofertas de emprego deste Concello, serán tratados para o proceso selectivo no que vostede solicita participar, e o tratamento farase tendo en conta as seguintes indicacións:

12.1.- Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Silleda.

12.2.- Finalidade do tratamento dos seus datos persoais: Ao facilitar e aportar os datos como candidato e interesado en formar parte do proceso selectivo, vostede dá o consentimento para dita información que facilita sexa recompilada, utilizada, xestionada e tratada para este fin por este Responsable de Tratamento, só como se describe nas bases de este concurso e con esta única finalidade, indicámoslle que os seus datos serán suprimidos unha vez que xa remate os termos e fin da modalidade contractual ou que as obrigacións legais así o establezan, os seus datos así como aquela documentación achegada por vostede o longo do tempo do tratamento formarán parte dun “Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda” ca finalidade única de xestión e selección de persoal que se leva a cabo mediante o sistema de concurso, é no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes, de conformidade co exposto nas presentes bases é a selección e posterior contratación do posto ofertado.

12.3.- Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos é o consentimento que vostede concede ou o do seu representado ca cumplimentación da solicitude como solicitante de formar parte do proceso selectivo, e tamén o abeiro das propias que se empregan para contratos de traballo das entidades locais.

12.4.- Os seus dereitos: Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Tamén, si desexa acadar máis información en canto a tratamento de datos ou exercer os seus dereitos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar así como exercer os seus dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy>. 1 , tamén poderá solicitar estes enviando escrito o Rexistro Xeral do Concello en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos poderá presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos pode solicitalos ante este Responsable de Tratamento en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra, ou tamén dirixíndose por vía mail a: [info@silleda.gal](mailto:info@silleda.gal) ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

12.5.-Segredo e seguridade dos datos: Este responsable, comprométese no tratamento e uso dos datos persoais das persoas interesadas, a facelo gardando a súa confidencialidade e de acordo coa



súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e implementar as medidas de seguridade para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente en protección de datos. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos e políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o propio RXPd e LOPDGDD.

12.6.- Cesión de datos: Non están previstas cesións máis alá das indicadas nas bases de este proceso selectivo.

### DÉCIMO TERCEIRA RECURSOS

As presentes Bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web do Concello de Silleda, segundo dispoñen os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpoñer no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo.

Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo directamente, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria nos medios expresados no anterior parágrafo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra, de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Silleda, na data da sinatura electrónica

### ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA, POLO SISTEMA DE CONCURSO – OPOSICIÓN NO CONCELLO DE SILLED A. (TRACTORISTA)

D/D<sup>a</sup>..... co D.N.I. núm ....., e con enderezo a efectos de notificacións en ..... do Concello de..... código postal.....provincia de ..... teléfono núm ....., correo-e:.....coñecedor/a da convocatoria para cubrir prazas

EXPÓN: Que tendo coñecemento da convocatoria pública efectuada polo Concello de Silleda, desexa participar na selección para a realización da obra ou servizo denominado PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024, con cargo ao Concello de Silleda e ao Plan de Emprego (activación do emprego 2024 – Liña 3) da Deputación de Pontevedra.

Declarando que son certos os datos consignados na mesma, que coñece o contido das bases reguladoras da convocatoria e que na data da presentación da solicitude reúne todas as condicións e requisitos esixidos nas bases.

Xunto coa presente solicitude, acompaño

- Citación do SEPE
- Copia do D.N.I. ou documento equivalente
- Copia do carné de condutor/a de camión C1+E
- Documento acreditativo do tempo de permanencia en desemprego
- Copia dos documentos acreditativos, relativos á fase de concurso de méritos: situación laboral, titulacións.

SOLICITO:

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación que se xunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado ao efecto da provisión do posto.

Silleda, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)

**Expediente 67/2024. Contratacións. Contrato menor para o servizo de “Diseño e implementación do proceso de comunicación, concienciación e fortalecemento das capacidades dos actores locais para a elaboración da Axenda 2030 no municipio de Silleda**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a Orde [DSA/632/2022](#) do Ministerio de Asuntos sociais e Axenda 2030, do 23 de xuño de 2022, publicada no BOE do 6 de xullo de 2022, aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais. No BOE nº 74 do 28 de Marzo de 2023, publicouse o extracto da Resolución da Secretaría de estado para a Axenda 2030 pola que se convocan as citadas subvencións e ábrese o prazo para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva.

Visto que con data de 8 de novembro de 2023, a Secretaría de estado para a Axenda 2030 ditou a "Resolución de concesión das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente a 2023", resultando o [Concello](#) de Silleda beneficiario desta axuda para a execución do proxecto "ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE LOCALIZACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA AXENDA 2030 NO MUNICIPIO DE SILLEDA.

Visto que por parte dos servizos técnicos deste [Concello](#) de Silleda púxose de manifesto a necesidade da seguinte contratación menor de Servizos:

**Concello de Silleda**

Necesidades a satisfacer:

Contrato menor para o servizo de "Deseño e implementación do proceso de comunicación, concienciación e fortalecemento das capacidades dos actores locais para a elaboración da axenda 2030 no municipio de Silleda".

OBXECTO:

DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DO PROCESO DE COMUNICACIÓN, CONCIENCIACIÓN E FORTALECIMENTO DAS CAPACIDADES DOS ACTORES LOCAIS PARA A ELABORACIÓN DA AXENDA 2030 NO MUNICIPIO DE SILLEDADA.

O servizo de "Deseño e implementación do proceso de comunicación, concienciación e fortalecemento das capacidades dos actores locais para a elaboración da Axenda 2030 no municipio de Silleda " correspóndese cunha das actividades crave para a consecución dos obxectivos do proxecto de "Elaboración do Plan estratéxico de localización e implementación dos ODS da Axenda 2030 en Silleda" e ten como finalidade divulgar, sensibilizar, concienciar e promover o papel activo e a participación dos actores locais –políticos, técnicos, sociais, empresariais e cidadanía en xeral- no proceso de localización dos ODS en Silleda, mostrando a repercusión positiva da implantación da Axenda2030 e empoderarlos como axentes de cambio. Diseñarase e desenvolverá unha estratexia de comunicación articulada nun Plan específico cuxos obxectivos principais serán:

- A información e sensibilización á cidadanía en materia de Axenda2030 dando a coñecer o seu impacto na calidade de vida (poñendo de relevo a relación dos ODS coa realidade cotiá da poboación), incidindo na oportunidade que esta Axenda universal e local supón para materializar as aspiracións cidadás nunha sociedade mellor, máis sostible, xusta e inclusiva.

- A comunicación permanente do proceso de Elaboración do Plan de Localización desempeñará un papel crave para manter informada ao conxunto da cidadanía en relación aos avances que se vaian realizando, empoderándolos e estimulando a súa implicación e participación no proceso de construción colectiva.

- Implicación e participación cidadá na implantación da Axenda2030. A comunicación permanente do proceso de elaboración será clave para concitar a participación da cidadanía e dos distintos axentes relevantes en cada fase. As diversas accións de comunicación serán unha gran oportunidade para mobilizar e construír alianzas entre os diferentes actores locais. Canto maior sexa a implicación activa da sociedade civil mais lexítima e pertinente resultase a inclusión dos ODS na planificación local. A estratexia de comunicación deberá garantir que ao longo do proceso de localización favorécese a concienciación e implicación activa da sociedade no seu conxunto.

- Visibilizar as accións levadas a cabo para a implantación da Axenda2030 en Silleda co propósito de facer exportable a experiencia a outros entes locais. O Plan de Comunicación prestará atención á necesidade de visibilizar e facilitar a información a toda aquela persoa ou entidade que este interesada en replicar ou aprender da estratexia de implantación levada a cabo en Silleda. O Plan velase pola debida transferencia de información a outras entidades, en especial ás entidades locais,

tendo en conta de que a experiencia **podra** ser exportable. Por iso realizaranse accións de divulgativas destinadas tamén a outras entidades locais, en especial a aquelas que integran as mesmas redes municipais que Silleda: municipios limítrofes; Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte (**GDR 16**), grupo Area de Santiago para a promoción turística, membros do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía, e do Fondo Galego de Cooperación e **Solidariedade**. Con estas accións preténdese multiplicar o alcance territorial do proxecto e a súa capacidade **tractora**, atraendo a todos estes municipios cara ao proceso de localización da Axenda2030.

A comunicación estará presente en todo o proceso de elaboración do Plan Localización, **utilizándose** diversas estratexias para chegar a todos e cada un dos actores, empregando estratexias e accións de comunicación **segmentadas** cando sexa oportuno. O Plan de Comunicación deberá conter polo menos os seguintes instrumentos, medidas e canles de comunicación e sensibilización:

- **Difusión web.** Creación dun espazo específico na web municipal con acceso directo desde a páxina principal para a información e divulgación tanto dos **propósitos** da Axenda2030 como de canta actividade realícese durante a súa localización e da aplicación de medidas e actuacións levadas a cabo na súa implantación. Todos os eventos que se realicen en relación á implantación da Axenda2030 en Silleda terán eco no apartado de Noticias da web.
- **RRSS.** Participación nas **RRSS** tanto para os labores de divulgación ou sensibilización sobre a Axenda2030 e a súa localización en Silleda como para a información de todas as actuacións que leven a cabo en relación. Tanto na web como nas **RRSS** velarase por unha actualización frecuente de contidos.
- **Xestión de entrevistas e redacción de notas de prensa** que faciliten o labor dos medios de comunicación tradicionais na difusión á cidadanía dos pasos que se vaian dando en relación coa Axenda2030 de Silleda.
- **Organización de eventos.** Organizaranse eventos relacionados coa Axenda2030, transmitindo a vontade institucional de desenvolve-la coa participación dos distintos actores e o conxunto da cidadanía. Entre os eventos para realizar programaranse, como mínimo, tres presentacións: presentación do Lanzamento do proceso; presentación do Diagnóstico de situación; e presentación do Plan de Acción. Tamén se organizarán campañas de hábitos sostibles, consumo responsable, reciclaxe etc., asociándoos aos obxectivos da Axenda 2030. Aproveitarase a programación de actividades culturais (teatro, música, **M**) e deportivas para realizar accións de difusión e concienciación sobre os **ODS**.
- **Realización de talleres e sesións formativas** en centros educativos, asociacións veciñais, culturais, deportivas, empresariais..
- **Elaboración de material gráfico** para dar difusión á estratexia e os seus obxectivos. Este material será empregado nos eventos, talleres e sesións formativas ou en calquera outro espazo de divulgación que se poida empregar segundo o deseño final do plan de comunicación.

Todos os instrumentos comunicativos serán deseñados con criterios de accesibilidade universal,

garantindo a inclusión da perspectiva de xénero e a diversidade e promovendo a participación, a reflexión e o diálogo.

Por todo o **exposto**, a Xunta de Goberno Local, ao amparo das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución **do** 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

**Primeiro.-** Iniciar o procedemento de contratación, contrato menor de Servizos **deseño e implementación do proceso de comunicación, concienciación e fortalecemento das capacidades dos actores locais para a elaboración da axenda 2030 no municipio de Silleda.**

**Segundo.-** Convidar as empresas que a continuación se relacionan para o deseño e implementación do proceso de comunicación, concienciación e fortalecemento das capacidades dos actores locais para a elaboración da axenda 2030 no municipio de Silleda, por un orzamento máximo de 17.940 IVE incluído.

- **TRIVIUN, ESTRATEXIAS EN CULTURA E TURISMO**, con núm. de CIF.: **B70133467** e con domicilio en Rúa **do** Hórreo 19, Local 50. 15702. Santiago de Compostela, A Coruña

- **ALICENTIS S.L.**, con núm. de CIF.: **B70485222**, con domicilio en Rúa dá Carballeira de San Lourenzo, 32 Santiago de Compostela 15705, A Coruña.

- **FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS**, con núm. de CIF.: **G70317292** e con domicilio en Rúa Trasdeza, 70 36540 Silleda, Pontevedra.

### **Expediente 1876/2023. Contratacións. Contrato menor para o servizo de "Elaboración del diagnóstico local para a implementación da Axenda 2030 no municipio de Silleda".**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a Orde **DSA/632/2022** do Ministerio de Asuntos sociais e Axenda 2030, do 23 de xuño de 2022, publicada no BOE do 6 de xullo de 2022, aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais. Posteriormente, no BOE nº 74 do 28 de Marzo de 2023, publicouse o extracto da Resolución da Secretaría de estado para a Axenda 2030 pola que se convocan as citadas subvencións e ábrese o prazo para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva.

Visto que con data de 8 de novembro de 2023, a Secretaría de estado para a Axenda 2030 ditou a "Resolución de concesión das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente a 2023", resultando o **Concello** de Silleda beneficiario desta axuda para a execución do proxecto "ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE LOCALIZACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA AXENDA 2030 NO MUNICIPIO DE SILLEDA".

Visto que por por parte dos servizos técnicos deste **Concello** de Silleda púxose de manifesto a necesidade da seguinte contratación menor de servizos:

**Concello de Silleda**

**NECESIDADE A SATISFACER:**

Contrato menor para o servizo de "Elaboración do diagnóstico local para a implementación da Axenda 2030 no municipio de Silleda".

No marco da Orde [DSA/632/2022](#) do Ministerio de Asuntos sociais e Axenda 2030, do 23 de xuño de 2022, o [Concello](#) de Silleda resultou beneficiario dunha subvención para a execución do proxecto "Elaboración do Plan Estratéxico de localización e implementación dos Obxectivos de desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 no municipio de Silleda".

O obxectivo deste proxecto é a elaboración dun Plan estratéxico que permita a localización, implementación e seguimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 no municipio de Silleda, constituíndose como unha visión integrada e unha folla de roteiro a seguir das principais transformacións a realizar no municipio no período comprendido desde a súa aprobación ata o ano 2030.

**OBJECTO DO CONTRATO:**

**ELABORACIÓN DO DIAGNÓSTICO LOCAL PARA A IMPLEMENTACIÓN DA AXENDA 2030 NO MUNICIPIO DE SILLEDADA**

O servizo de "Elaboración do diagnóstico local para a implementación da Axenda 2030 no municipio de Silleda " correspóndese cunha das actividades cruce para a consecución dos obxectivos do proxecto de "Elaboración do Plan estratéxico de localización e implementación dos [ODS](#) da Axenda 2030 en Silleda" e ten como finalidade a análise e identificación das principais cuestións do municipio, os temas clave que determinan a súa capacidade para afrontar escenarios do futuro. Trátase de analizar as oportunidades que presenta a Axenda 2030 para o desenvolvemento do territorio e as principais temáticas locais.

Para iso procederase á recollida e análise da información procedente tanto de fontes primarias como secundarias, e identificaranse as fortalezas e necesidades do municipio, en base ás que posteriormente se concretará a formulación estratéxica do Plan de localización da Axenda 2030 en Silleda.

O resultado final deste contrato deberá ser un documento de diagnóstico que inclúa unha análise [DAFO](#) que será clave para definir as propostas de mellora determinando o rumbo que deberá tomar a planificación estratéxica.

Forman parte deste contrato polo menos as seguintes tarefas:

- Identificación e análise de fontes secundarias para a recollida de información sobre indicadores clave (demografía, mercado de traballo, educación, cultura, actividade económica, vivenda, [infraestruturas...](#))
- Análise de documentación previa (plans e diagnósticos anteriores, propostas e proxectos de [futuro...](#)).

- Mapeado dos axentes sociais e económicos e realización de entrevistas en profundidade e Focus Group.
- Realización dunha enquisa ao conxunto da poboación.
- Redacción do documento de Diagnóstico e Análise DAFO.
- Celebración de talleres de validación do Diagnóstico cos principais actores implicados co propósito de elaborar o documento diagnóstico final.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, ao amparo das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

**Primeiro.-** Iniciar o procedemento de contratación, contrato menor de Servizos **Elaboración do diagnóstico Local para a implementación da AXENDA 2030 no municipio de Silleda.**

**Segundo.-** Convidar as empresas que a continuación relaciónanse para a Elaboración do diagnóstico Local para a implementación da AXENDA 2030 no municipio de Silleda por un orzamento máximo de 17.980,00€ IVE INCLUÍDO

- QUADERNAS CONSULTORÍA SL., con núm. de CIF.: B15863251 con domicilio social en rúa Doutor Maceira nº20 baixo, 15706 Santiago de Compostela.
- LUÍS GUSTAVO CUNTÍN DOCAMPO, con núm. de NIF.:36047502Q, con domicilio social en rúa Carballo, 15 III, 2ª B Os Tilos Teo 15896 A Coruña.
- STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3, SLU, con núm. de CIF.: B70318274 con domicilio social en Avda. Ricardo Sánchez 34, portal 3, 3B 15600 Pontedeume, A Coruña.

**Expediente 269/2022. CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2024**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto, o CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2024.

Visto que o Concello de Silleda estaba adherido ao antedito convenio no ano 2023.

Visto que é preciso formalizar de novo a adhesión do Concello de Silleda para o ano 2024.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

1º Aprobar a adhesión, do Concello de Silleda, formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas estas.

**Expediente 213/2024. Contratacións. SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

I.- Visto o informe de necesidade de data 02/02/2024, elaborado polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

II.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada en data 02/02/2024, aprobouse o inicio do expediente de contratación POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024 polo procedemento aberto simplificado.

III.- Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerá este procedemento de contratación, así como o prego de prescricións técnicas.

IV.- Visto o informe de xurídico de data 12/02/2024.

V.- Visto o informe de Intervención de data 14/02/2024.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, do contrato de servizos denominado "SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024". POR LOTES, por importe de 49.725,00 euros máis 10.442,25 euros de IVE

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 60.167,25 Euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal prorrogado deste Concello para o exercicio 2024.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADO-



CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Expediente 1222/2023. Licenza ou Autorización Urbanística. Construcción de centro loxístico de almacenamento e expedición de produtos agroalimentarios refrixerados e ultraconxelados.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

1º.-Consta no expediente 1222/2023 a **solicitud de licenza urbanística**; incoada por **COESCO DEZA S.L.U.**, para a construción de nova planta dun centro loxístico de almacenamento e expedición de produtos agroalimentarios refrixerados e ultraconxelados, no Parque Empresarial, Área 33 (2º fase), agrupación de parcelas nº 1.4, 1.5 y 1.6, Concello de Silleda, Pontevedra (Referencias catastrais 36052A038007160001LY, 36052A038007150001LB e 36052A038007140001LA), aportando a seguinte documentación con nº de entrada no Rexistro de este concello 2023-E-RE-888:

- Un modelo de representación de Don Gerardo Suárez Mejjide con DNI. 36044167Q en representación da empresa COESCO DEZA S.L.U. con NIF B36307270, autorizando a Don Jose Manuel Regueiro Martínez, Enxeñeiro Agrónomo, colexiado nº 553 C.O.I.A.G, con D.N.I. 35460675B, firmado o 17 de julio de 2023.

- Dous tomos "Proxecto de obras e actividade de centro loxístico de comercialización de produtos agroalimentarios refrixerados e ultraconxelados", asinado polo Enxeñeiro Agrónomo Don Jose Manuel Regueiro Martínez, colexiado nº 553 C.O.I.A.G, visado 14768 o 14 de xullo de 2023.

2º.- Consta no expediente achega de documentos, (Tomo II pliego de condiciones y presupuesto) asinado polo Enxeñeiro Agrónomo Don Jose Manuel Regueiro Martínez, colexiado nº 553 C.O.I.A.G, sen visado, con nº de entrada no Rexistro de este concello 2023-E-RE-914.

3º.- Consta no expediente achega de documentos, (Tomo II pliego de condiciones y presupuesto) asinado polo Enxeñeiro Agrónomo Don Jose Manuel Regueiro Martínez, colexiado nº 553 C.O.I.A.G, con visado 14768-1, con nº de entrada no Rexistro de este concello 2023-E-RE-915.

4º.- Consta no expediente achega de documentos, aportando a seguinte documentación con nº de entrada no Rexistro de este concello 2024-E-RE-189:

- Un modelo de representación de Don Gerardo Suárez Meijide con DNI. 36044167Q en representación da empresa COESCO DEZA S.L.U. con NIF B36307270, autorizando a Don Jose Manuel Regueiro Martínez, Enxeñeiro Agrónomo, colexiado nº 553 C.O.I.A.G, con D.N.I. 35460675B, firmado o 17 de julio de 2023.

- Certificado de conformidade de instalación, establecemento, actividade ou obra redactado por Enmacosa consultoría técnica, S.A., como Entidade de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das funcións administrativas de verificación e control no ámbito urbanístico, acreditada por ENAC con acreditación nº70/EI543, de conformidade co Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, para a tramitación de comunicación previa, declaración responsable ou licenza da actividade referenciada.

- Documentación complementaria I do proxecto de obras e actividade de centro loxístico de comercialización de produtos agroalimentarios refrixerados e ultras conxelados, asinado polo Enxeñeiro Agrónomo Don Jose Manuel Regueiro Martínez, colexiado nº 553 C.O.I.A.G., con visado 14768-2.

- Escritura de compraventa e agrupación.

- Folla de estatística de edificación e vivenda.

- Información do Rexistro Mercantil de Pontevedra.

- Oficio de dirección de obra, no que consta que o Enxeñeiro Agrónomo Don Jose Manuel Regueiro Martínez, colexiado nº 553 C.O.I.A.G, se fará cargo da dirección da obra.

- Certificación do Rexistro da Propiedade de Lalín con Nota Simple de parcela.

**VISTO** - Certificado de conformidade de instalación, establecemento, actividade ou obra redactado por Enmacosa consultoría técnica, S.A., como Entidade de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das funcións administrativas de verificación e control no ámbito urbanístico, acreditada por ENAC con acreditación nº70/EI543, de conformidade co Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, para a tramitación de comunicación previa, declaración responsable ou licenza da actividade referenciada.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a COESCO DEZA S.L.U., licenza de obra solicitada para a construción de nova planta dun centro loxístico de almacenamento e expedición de produtos agroalimentarios

refrixerados e ultraconxelados, no Parque Empresarial, Área 33 (2º fase), agrupación de parcelas nº 1.4, 1.5 y 1.6, Concello de Silleda, Pontevedra (Referencias catastrais 36052A038007160001LY, 36052A038007150001LB e 36052A038007140001LA).

**SEGUNDO.-** - Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	0,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
3.992.128,29	3.992.128,29	2,25 %	89.822,89	0,00	89.822,89

**TERCEIRO.-** Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

- Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**CUARTO.-** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da L 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

**QUINTO.-** A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

**SEXTO.-** As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

**SÉTIMO.-** Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**OITAVO.-** Finalizadas as obras o interesado deberá solicitar a licenza de primeira utilización do edificio de conformidade eco disposto no artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, debendo acompañarse da documentación que indica.

**NOVENO.-** Unha vez obtida a licenza de utilización deberase presentar comunicación previa de inicio de actividade de conformidade co establecido no artigo 364.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

#### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

#### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**